

OBSERVACIÓN DOCENTE

Despois da observación focalizada

MESTRES PARTICIPANTES: José Manuel Rego García, Norberto Blanco Dorrío,
M^a Pilar Iglesias Gómez.

DATA: 06 marzo 2023

Práctica reflexiva do grupo

1. Fomos quen de **observar** aqueles elementos da práctica docente que consideramos susceptibles de ser tal e como acordamos ao elaborar as follas de observación focalizada?

En xeral si, aínda que temos que recoñecer que as veces nos deixábamnos levar polo ritmo da clase e “desconectábamnos” uns intreiros, poñendo o noso foco na actividade e non no elemento da práctica docente que cada un de nós entendeu como máis importante para a nosa mellora profesional.

O xeito de volver á observación tal e como a pensáramos, foi regresar ás follas de observación elaboradas para a sesión, deixando a un lado os nosos sentimentos.

2. Que foi o que máis nos custou como **observados** nesta fase da observación?

Como as observacións se desenvolveron nun tempo no que a actividade ou unidade didáctica estaba máis avanzada e cada un de nós poñía o foco nun aspecto moi concreto, os tres integrantes do grupo sentimos máis responsabilidade para que o plan de aula seguise o establecido e o compañeiro/a observador puidera ter máis elementos que valorar.

Ao mesmo tempo, máis tranquilidade, xa non foi a primeira observación da que partiamos de cero, e as experiencias previas resultaron moi satisfactorias.

3. Nesta **observación focalizada** as ferramentas de observación elaboradas foron axeitadas o modificaríamos algunha?

Pensamos que foron axeitadas tal e como pensamos que se desenvolvería a observación. Coa experiencia acadada, para posteriores observacións poderíamos ir máis ao miúdo nalgúns aspectos que coa reflexión a posteriori vemos que deixamos baleiros.

Esta reflexión de ir ao máis miúdo, supón tamén ter que elaborar uns plans de aula máis específicos e menos abertos.

4. Foinos sinxelo captar o importante da sesión e tomar anotacións?

Tendo as follas de observación elaboradas previamente como guías e os cadernos de notas para tomar anotacións sinxelas e libres, o resultado foi bastante sinxelo e cómodo. Repasar as anotacións e plasmarlas de xeito máis oficial nas follas de observación na autoreflexión deunos unha calma no noso pensamento e a capacidade de interiorizar algúns aspectos da práctica que no momento da observación non foi posible.

Tamén é certo que as nosas “distraccións” na aula deixaron aspectos sen concretar que, despois, na autoreflexión, fomos quen de retomar.

5. Que podemos facer cos datos obtidos?

Acordamos que con todas as follas de observación focalizada, prácticas reflexivas, cuestionarios de autoreflexión, plans xerais de aula, anotacións libres e materiais aportados nas sesións de docencia, podemos facer unha revisión individual e nunha seguinte reunión, previa a elaboración da memoria, decidir a forma de plasmar as nosas reflexións para servir como fonte de recursos no centro no futuro e ser quen de como mellorar a nosa labor docente despois destas observacións, curtas pero intensas.